

RESOLUCIÓN DO 18 DE FEBREIRO DE 2021 DO TRIBUNAL DESIGNADO PARA XULGAR O PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO E INGRESO NOS CORPOS DA POLICÍA LOCAL DE GALICIA, ESCALA BÁSICA, CATEGORÍA DE POLICÍA, QUENDAS DE ACCESO LIBRE E CONCURSO CONVOCADO POLA ORDE DE 8 DE XULLO DE 2020 (DOG NÚM. 137, DO 10 DE XULLO), POLA QUE SE LLE DA PUBLICIDADE A DIVERSOS ACORDOS.

Na sesión que tivo lugar o día 18 de febreiro, o tribunal nomeado pola Orde do 26 de novembro de 2020 (DOG núm. 249, do 11 de decembro), de conformidade coas bases da convocatoria adoptou os seguintes acordos:

1. Para a realización do primeiro exercicio do proceso selectivo, que se levará a cabo o día 26 de febreiro de 2021 nos Pavillóns nº1 e 2 do Recinto Feiral de Silleda, a partir das 10:30 horas, e por mor das medidas de seguridade do Plan de continxencia Covid, o chamamento desenrolarase do seguinte xeito:
 - Os/as aspirantes deberán comprobar con antelación, na relación que se xunta a esta Resolución, a porta de acceso aos Pavillóns que lle corresponde a cadanseu.
 - A medida que vaian chegando os aspirantes ao Recinto, dirixiranse á porta que lle corresponde, avanzando nos puntos de cor debuxados no chan segundo queden libres, ata chegar ós funcionarios que comprobán os seus datos.
 - Para permitirse o acceso á zona de exame, deberán presentar o documento identificativo e a Declaración responsable debidamente cuberta. Lémbrese tamén que deberán levar o lapis nº 2, a goma de borrar, e o bolígrafo.

2. Os/as aspirantes que terán que facer a segunda proba de coñecementos da lingua galega accederán por algunha das portas 1, 2 ou 3, e realizarase o exame a continuación da proba de coñecementos test, polo que rematado e entregado este, permanecerán no seu posto ata o inicio de aquel.

Pontevedra , a 18 de febreiro de 2021

A Presidenta do Tribunal

María Rey Rivera.

